



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 2 de decembro de 2021.
2. Validar a presentación da declaración de interese na tramitación da verificación do título de Máster universitario en Criminoloxía para a súa implantación no curso académico 2023-24.
3. Validar a presentación da declaración de interese na modificación do título de Máster universitario en Avogacía para a súa adaptación, se é preciso, á reforma da Lei 15/2021, de 23 de outubro, pendente de desenvolvemento regulamentario e delegar na coordinadora académica da titulación a competencia para incorporar a documentación complementaria que proceda.
4. Non presentar a declaración de interese para a modificación do título de Grao en Dereito.
5. Validar a proposta de obras priorizadas a acometer no centro remitida á Vicerreitoría de Planificación e a previsión de gastos do centro para o exercicio 2022.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 11 de febreiro de 2022, se publicaron no taboleiro de anuncios o día 14 de febreiro de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es